

ACTA NÚMERO 2
UNIDADE TÉCNICA DE CONTRATACIÓN

558/2024: REXENERACION PAIXÍSTICA NO PARQUE VISTALEGRE, XUNQUEIRA DOS MUIÑOS E AREAL_PASS-NEXT_GENERATION_ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO

Data e hora de celebración

21 de agosto de 2024, 13:00 horas

Lugar de celebración

Sala de reunións da Casa do Concello de Outes.

No lugar e data sinalados, constitúese a Unidade Técnica de Contratación deste procedemento de licitación, cos seguintes **Asistentes:**

-Da. Sofía Pérez Figueira

-Da. Clara Ortega Fernández, secretaria da Corporación

Non asiste D. Andrés Busto Allo, por atoparse ausente por vacacións.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

A Unidade Técnica procede a:

1º.- Comprobar a documentación presentada polo licitador Jardineria Arce S.L.

En data 13/08/2024 requiriuse ao antedito licitador para que presente a documentación previa á adxudicación, consonte coa cláusula 16ª dos PCAP que rixen esta licitación. Pola unidade técnica procédese a comprobar o contido e adecuación da documentación presentada:

1. Acreditación de requisitos previos.

No tocante á acreditación de que a empresa está debidamente constiuída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e que non está incurso en prohibición de contratar, así como que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, polo licitador achégase a seguinte documentación:

- Certificado de inscrición no ROLECE, no que consta a inexistencia de prohibicións de contratar, así como o seu obxecto social, que se corresponde co propio do contrato a adxudicar. Non constan inscritos os



datos relativos á constitución da empresa nin aos seus representantes legais.

- Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias (estatais e autonómicas) e fronte á Seguridade Social.

A Mesa considera que, non estando inscritos no ROLECE os datos de capacidade e representación, non pode comprobarse, á luz da documentación achegada, que a empresa está debidamente constituída e que o asinante da oferta, D. JOSÉ RAMÓN LÓPEZ ARIAS, ostenta poder bastante para formular a mesma.

Por todo iso, procede **requirir ao licitador** para que proceda a acreditar ditos extremos polos seguintes medios:

- A **capacidade de obrar** dos empresarios que foren persoas xurídicas acreditarase mediante a **escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acta constitutiva**, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente rexistrados, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate (art. 84 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público).
- A **representación** poderá acreditarse por **calqueira medio válido en dereito** que deixe constancia fidedigna da súa existencia (art. 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

2. Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais adscritos ó contrato.

Polo licitador achégase a seguinte documentación:

- Modelo de acreditación de medios persoais segundo o previsto na cláusula 16.1.2 do PCAP.
- Título académico do responsable das obras.
- Medios persoais adscritos ó contrato. Documentación xustificativa: Declaración de persoal adscrito á obra e Relación Nominal de Traballadores (RNT) e Informe de Traballadores en Alta (ITA).

O PCAP, na súa Cláusula 16.1 sinala o seguinte:

“16.1.2.- Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORIA PROFESIONAL	TITULACION REQUIRIDA	NUMERO PERSOAS

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse, acompañando a documentación xustificativa, da seguinte forma:
Medios persoais:



- A) **Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras**
 B) **nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou Relación Nominal de Traballadores (RNT)”**

Por esta Unidade Técnica compróbase que o licitador **non achega a titulación académica / profesional do empresario**, achegándose únicamente a do responsable das obras. Polo tanto, procede formular requirimento ao licitador para que achegue dita documentación.

3. Acreditación de dispor efectivamente dos medios materiais adscritos ó contrato.

Polo licitador achégase, para a acreditación deste extremo, o Compromiso de adscripción de medios materiais segundo o modelo contemplado na Cláusula 16.1.2 PCAP, acompañado da documentación xustificativa correspondente (copia de permisos de circulación, facturas, contratos de leasing...)

No tocante á acreditación dos medios materiais, a Cláusula 16.1.2 PCAP esixe a presentación da seguinte documentación:

“2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERISTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse, acompañando a documentación xustificativa, da seguinte forma:

- Poderanse acreditar mediante os correspondentes **contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing**, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.
- De igual modo poderá acreditarse mediante **certificación de que os citados medios** (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) **forman parte do inventario da empresa** ou entidade adxudicataria.
- Así mesmo poderase acreditar mediante **certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas** ou equivalente.
- No entanto poderase acreditar por **calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais** para a obra obxecto do presente contrato.”

A Unidade Técnica estima que a documentación presentada é correcta.



4. Acreditación da estabilidade no emprego.

Polo licitador achégase, para a acreditación do cumprimento dos criterios de adxudicación esixidos na cláusula 12.C.2 do PCAP, a seguinte documentación:

- Relación nominal de traballadores correspondente ao mes de xuño do 2024.
- Informe de Traballadores en Alta (ITA) correspondente ao 1 de agosto do 2024.

Pola Cláusula 16.1.3 do PCAP esíxese, para a acreditación documental dos criterios de adxudicación esixidos na cláusula 12.C.2, a presentación de:

- Do número de persoas traballadoras (homes e mulleres) que **compoñen o persoal da empresa.**
- Do número de persoas traballadoras (homes e mulleres) con **contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa** en persoal.
- Do número de **mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa** en persoal

A Unidade Técnica procede, á luz da documentación presentada, a comprobar o cumprimento dos criterios de adxudicación obxecto de valoración na licitación. A oferta presentada polo licitador foi a seguinte:

“5º.- Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres traballadoras

Declara responsablemente que **na data de publicación da licitación:**

5.1.- *O número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) do cadro de persoal é de **137 persoas** e, destas, o número de persoas directamente relacionadas coa execución de obras en xeral é de 100 persoas*

5.2.- *O número particular de **persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal nos últimos 12 meses anteriores á data publicación do anuncio de licitación na plataforma é de 120 persoas**, o que representa un 87,6 % sobre o número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) de persoal.*

5.3.- *O número particular de **mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal é de 12 mulleres**, o que representa un 8,76 % sobre o número global de persoas traballadoras fixas de persoal. “*

Do Informe de Traballadores en Alta (ITA) presentado dedúcese o número de persoas traballadoras (homes e mulleres) que compoñen o persoal da empresa, así como aqueles que contan con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa (segundo as Claves de Contrato de Traballo 100, 109, 130, 139 , 150 , e 189, correspondentes ás distintas modalidades de contrato indefinido por tempo completo), e as datas nas que causaron alta na empresa.

O Informe presentado sinala que a empresa conta, a data 01/08/2024, cun total de 120 traballadores. Comprobadas as súas datas de alta na empresa, e os contratos correspondentes, a Unidade Técnica constata que **o número**



particular de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal nos últimos 12 meses anteriores á data publicación do anuncio de licitación na plataforma non é de 120 persoas, posto que:

- O traballador con C.A.F “ROFEJ” non conta con contrato fixo por tempo indefinido, senon con un contrato con código 402 “DURACIÓN DETERMINADA TEMPO COMPLETO - EVENTUAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN”.
- O traballador con C.A.F “MOBAA” causou alta na empresa en data 01/08/2024, polo que non pode computarse á data de publicación do anuncio de licitación (26/07/2024).
- O traballador con C.A.F “SUVIF” causou alta na empresa en data 01/08/2024, polo que non pode computarse á data de publicación do anuncio de licitación (26/07/2024).
- A traballadora con C.A.F “PECEM” non conta con contrato fixo por tempo indefinido, senon con un contrato con código 289 “INDEFINIDO TEMPO PARCIAL - TRANSFORMACIÓN CONTRATO TEMPORAL”, figurando a tempo parcial ao 50%, e constando a cotización de 88h mensuais no mes de xullo, segundo o RNT achegado.
- O traballador con C.A.F “VAMAJ” causou alta na empresa en data 01/08/2024, polo que non pode computarse á data de publicación do anuncio de licitación (26/07/2024).
- O traballador con C.A.F “COMAB” causou alta na empresa en data 01/08/2024, polo que non pode computarse á data de publicación do anuncio de licitación (26/07/2024). Así mesmo, consta contratado cun contrato con código 410 “DURACIÓN DETERMINADA TEMPO COMPLETO - INTERINIDADE”.
- O traballador con C.A.F “ESROH” causou alta na empresa en data 29/07/2024, polo que non pode computarse á data de publicación do anuncio de licitación (26/07/2024).
- O traballador con C.A.F “GIDOY” causou alta na empresa en data 01/08/2024, polo que non pode computarse á data de publicación do anuncio de licitación (26/07/2024).

Esta Unidade Técnica estima que procede conceder ao licitador un prazo de 3 días hábiles para que proceda á enmenda da documentación presentada, achegando:

- A documentación que acredite que, á data de publicación do anuncio de licitación (26/07/2024), o número global de persoas traballadoras na empresa é de 137 persoas.
- O Informe de Traballadores en Alta (ITA) ou calquera outra documentación (como contratos de traballo, certificados, etc.) que acredite que, á data de publicación do anuncio de licitación (26/07/2024), onde debe constar, necesariamente, que nos últimos 12 meses anteriores á data publicación do anuncio, a empresa contaba cun total de 120 traballadores con contrato indefinido a tempo completo, das cales 12 deben ser necesariamente mulleres.



5. Acreditación do Plan de Igualdade.

Polo licitador preséntase copia da Resolución de inscrición do Plan de Igualdade no rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

A cláusula 16.1.4 do PCAP sinala, respecto á acreditación documental da existencia do Plan de Igualdade:

“Documento acreditativo da aprobación do Plan de igualdade, e solicitude de inscrición no correspondente rexistro, no seu caso.”

Pola Unidade Técnica, á vista da documentación presentada, considérase que o licitador xustifica adecuadamente a existencia do Plan de Igualdade.

6. Ratificación dos compromisos indicados na Cláusula 12.A.2 e no seu caso do persoal que se vai subcontratar.

Polo licitador preséntase Declaración de que a empresa ratifícase nos compromisos indicados na cláusula 12.A.2 e nas unidades ou partes da obra a subcontratar indicadas no Anexo II: modelo de proposición.

Pola Mesa de Contratación, á vista da documentación presentada, considérase que o licitador cumpre o requirimento formulado.

Á vista do exposto anteriormente, a Unidade Técnica,

ACORDA

PRIMEIRO. Requirit ao licitador JARDINERIA ARCE S.L para que enmende os aspectos sinalados nos apartados 1, 2 e 4 do presente informe, concedendo ao efecto un prazo de 3 días hábiles.

Esta decisión resulta acorde coa doutrina consolidada polo Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales na súa Resolución 338/2018, á que esta Mesa se remite, por atoparnos nun suposto de cumplimentación incompleta do requirimento, de modo que existe un incumplimento parcial que, en principio, non afecta á existencia previa do requisito, procedendo requirir a subsanación de dita documentación no prazo de 3 días, co fin de reparar os defectos ou omisións en que se incurrira.

SEGUNDO. No caso de cumprimento do requirido no punto anterior, propoñer como adxudicatario definitivo deste contrato ao licitador JARDINERIA ARCE, S.L.

Remata a sesión as 14:00 horas na data e lugar sinalados no encabezamento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

